



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 3 DE MARZO DE 2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 20.00 horas do día 3 de marzo de 2021, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. Noelia María Varela Suárez

D^a. María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D. Jesús Daniel García Cotelo.

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

Non adscritos

D. Miguel Ángel González Gómez.

D^a. Raquel Fondo Pérez

D. Faustino Santiago Lema

D^a. Ana Pérez Imia

D. Salvador Eiroa Ameijenda

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

D^a. Beatriz Martínez Calvo

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

PARTE RESOLUTIVA

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 26-02-2021, que no seu literal di:



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+ 2021>> DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

ANTECEDENTES:

Logo de ver as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de novembro de dous mil vinte (27/11/2020), e publicadas no BOP nº 205 do 1.12.2020 .

Logo de ver que o Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 30 de decembro de 2020, aprobou a modificación das ditas Bases, que consiste en modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 e os Anexos XV, XVI e XVII para a ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios.

Logo de ver o informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2021 da Intervención municipal do 28.01.2021 de acordo co esixido na Base 5.B.2 das reguladoras do Plan.

Logo de ver o informe coa relación de facturas pendentes de pago con provedores, de importe igual ou superior a 100,00 € para as que se aplica financiamento provincial con cargo ao POS+2021, asinado por a Intervención municipal con data 14.01.2021.

Logo de ver o proxecto da Obra de Mellora do Vial Couto-Cerezo, redactado polo enxeñeiros de Camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, con número de colexiado 22.992 en xaneiro de 2021 por un importe de 47.339,39 € (ive engadado) e un prazo de execución de 6 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 29.01.2021; informe da intervención municipal do 29.01.2021 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII) informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez do 29.01.2021 para o investimento indicado do e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado por o técnico municipal e secretaria municipal o 29.01.2021 e 1.02.2021.

Logo de ver o proxecto de Mellora do acceso ao núcleo rural histórico de Balarés, Poteceso, redactado polo arquitecto Maximino Manuel Aguiar Baña, colexiado COAG 3697 e o enxeñeiro técnico Martín Lema Pose, colexiado Coeticor 2343, en maio do 2018 por un importe de 69.000 € (ive engadado) e un prazo de execución de 8 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 29.01.2021; informe da intervención municipal do 29.01.2021 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII) informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez do 29.01.2021 para o investimento indicado do e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado por o técnico municipal e secretaria municipal o 29.01.2021 e 1.02.2021.

Logo de ver o proxecto da Obra de Viario de Niñóns a Nemeño por os Ánxeles e outros, redactado polo enxeñeiro de Camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, con número de colexiado 22.992 en xaneiro de 2021 por un importe de 310.110,16 € (ive engadado) e un prazo de execución de 6 meses; Memoria de Alcaldía (Anexo VII) en relación co investimento financeiramente sostible do 29.01.2021; informe da intervención municipal do 29.01.2021 de que o investimento é financeiramente sostible (anexo VIII) informe técnico (Anexo V) do arquitecto técnico Ernesto Fernando Calvo Pérez do 1.02.2021 para o investimento indicado do e informe técnico xurídico (Anexo VI) asinado por o técnico municipal e secretaria municipal o 1.02.2021.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía número 84/2021, de 5 de febreiro, pola que se aprobaba a participación no POS+2021.

Logo de ver o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, de data 23/02/2021 na que nos solicitan a certificación do acordo do Pleno do concello, segundo indica a Base 5.A das reguladoras do Plan.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)Por todo o anterior, **PROPOÑO:**

1.-Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<POS+ 2021>> da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a <<achega provincial 2021>>, <<achega provincial 2020>> e <<préstamo provincial 2021>>:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	196.613,36€	54.213,31€	250.826,67€
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	196.613,36€	54.213,31€	250.826,67€

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	249.466,05 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	249.466,05 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
(Investimentos financeiramente sostibles)			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Mellora do Vial Couto -Cerezo	47.339,39€		47.339,39 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	47.339,39€		47.339,39 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	250.826,67 €		250.826,67 €
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	249.466,05€		249.466,05€
	Achega 2020 (Excep.			



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

	Base 2.2)				
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021				
	Achega 2020	47.339,39 €		47.339,39 €	
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021				
TOTAL	Achega 2021	249.466,05 €		249.466,05 €	
	Achega 2020			298.166,06€	
	Préstamo 2021				
	TOTAL	547.632,11€		547.632,11€	

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento
(mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	
Mellora do acceso ao núcleo rural histórico de Balarés, Poteceso	69.000,00 €
Obra de Viario de Niñóns a Nemeño por os Ánxeles e outros,	310.110,16 €



- 3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.**
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.(...)"**

O alcalde da comezo ao debate. Dálle a palabra ao voceiro de APIN.

-O Sr. Pose Verdes, dirixíndose ao Sr. Alcalde manifesta: Vostede di unha verdade cando se equivoca. Non merece a confianza que lle deron. Agora volve co Plan Único, quere pagarlles aos autónomos co plan, cando vostede pagou a quen quixo e como quixo. Fala que ten superávit. Unha vez máis di tantas cousas e despois di outras. ¿Por que deixou sen pagar estas facturas a 31 de decembro? Agora non ten os apoios. A verdade é que as empresas non cobraron porque vostede non quixo. Estas cousas non saen na prensa, e mañá sacará un artigo coas súas bondades. A vostede lle encanta comparar a este concello con outros. Se ten superávit, ¿por que non axuda aos autónomos?. Os nosos autónomos e hostaleiros non están a pasalo ben. A prensa e a chantaxe son a súa forma de traballar e di que APIN presentou unha proposta para sacarlle o soldo ao alcalde.

-O Sr. Alcalde intervén e dille ao Sr. Pose Verdes que se ataña á orde do día.

-Continúa o Sr. Pose Verdes dicindo que APIN presentará unha moción para a derogación do ROM, porque agora vostede o ten como o seu libro de cabeceira, cando antes non o quería, e a nosa proposta será que empreguemos o ROF.

-O Sr. Alcalde intervén e volve a dicirle que se ataña á orde do día.

-Continúa o Sr. Pose Verdes dicindo que cando quixeron ampliar o Plan de Emprego, a súa concelleira dixo que tiña a todos contratados, e agora o leva no POS+, ¿Ten máis demandantes ou non? Todos coñecemos o plan da Xunta de Galicia de fomento do emprego, o PEL, as subvencións para a limpeza das praias. Todos os traballadores poderían entrar nesas convocatorias. Unha vez máis a secretaría do seu partido di que non se presentan alternativas, pois sabe vostede que APIN presentounas. Acudimos á xuntanza a pesares que non se presentaron os que figuraban na convocatoria. Vostede ten que presentar a súa dimisión. Ofreceunos a posibilidade de que APIN escollera obras por 100.000 euros financiados pola Deputación por medio dunha subvención nominativa, comprometeuse a pedir desculpas e na mesma pedimos unha reunión co presidente da Deputación e non tivemos resposta, e logo publicaron o artigo do señor presidente na prensa amiga e nos di que podemos presentar unha nova proposta. Recibimos moitas mensaxes de persoas relacionadas coas obras que está a facer,



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

tamén sobre madeireiros e sobre moitas máis cousas. Con motivo do último temporal quedou vista a necesidade de acometer obras, deixamos unha actuación preparada e vostede non a levou a cabo. ¿Como é posible que se perdan subvencións? Estamos a falar de máis cartos que os do Plan Único, Fondo de Cooperación Ambiental e moitas máis. E ao Partido Popular teríamos que dicir algo, se queren asumir débedas de máis de 6 anos deberán saber que o Plan Único non está para iso. O seu sistema de traer unha proposta como din, e case co mesmo estilo que o do Sr. Alcalde. No caso de que se aprobe este Plan, ¿Como imos facer despois? O alumeadado público, o ciclo da auga, novos plans... ¿Imos estar dous anos así? Neste intre está nunha calexa sen saída, e a saída e a dimisión.

-O voceiro do PP, Sr. García Cotelo, pide a palabra e manifesta o seguinte: ¿Leu o escrito que mandamos? Hoxe volve a traer o mesmo. O noso plan o ten aquí, pero terá que asinar a súa dimisión. Se quere aprobar o POS ten que asinar o documento. ¿Que pinta o Sr. Ferreiro? E volta ao mesmo, volve a traer o mesmo plan. Xa lle dixemos o mesmo. ¿Que fai o Sr. Ferreiro negociando? E trae ao Sr. Valentín. Xa sabe, se dimite terá o novo POS+. Non pode gobernar sen o Pleno. Ten que negociar, pero non o Sr. Ferreiro. Non será culpa do PP, será culpa súa.

-O Sr. Alcalde di que se ataña á orde do día.

-O Sr. García Cotelo di que os culpables serán vostedes, o Sr. Ferreiro e o Sr. Formoso. ¿Como é posible que o Sr. Ferreiro que non é concelleiro sexa a quen vostede manda á negociación?

-O Sr. Alcalde di que estamos no primeiro punto da única proposta presentada, ditaminada desfavorablemente pola Comisión, e que terá que atermos á orde do día.

-O Sr. González Gómez fai uso da palabra e o alcalde chámalle á orde por primeira vez.

-O Sr. González Gómez segue a facer uso da palabra, e o alcalde chámalle á orde por segunda vez, advertíndolle que á terceira terá que expulsalo.

-O alcalde dille ao Sr. García Cotelo que presente o seu plan e falaremos, e o Sr. García Cotelo resposta que terá que dimitir primeiro.

-O Sr. Alcalde respóndelle que a dimisión é un acto persoal, manifestación da propia vontade, e non vai acadar o que pretende, chantaxear ao pobo de Ponteceso. Debe saber que para cambiar un alcalde hai dúas vías, a primeira é a través dunhas eleccións democráticas, cousa que neste intre non toca, que o pobo xa manifestou hai escasos dous anos a súa vontade, e a segunda é mediante unha moción de censura, mecanismo legal que xa sabe que non pode empregar ao ter os seus novos compañeiros a condición de non adscritos e a consideración de tránsfugas. Pídolle seriedade e responsabilidade, déixenos ver o seu Plan, sabe que o goberno non vai dimitir. Cando se trate un punto rógolle cingase a él e cando teña outro a palabra que non interrompa.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Eiroa, concelleiro non-adscrito, quen lle pregunta se algunha vez chamouno para dicirle o que levaba ao Pleno. O que vostede fixo en Anllóns ¿que é?. Vostede fai chantaxes, vostede non defende aos traballadores, ¿que fixo co GES?

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. González Gómez, concelleiro non-adscrito, e di que no POS 2020 ían obras, tiña tamén 500.000 euros para os campos de fútbol, ten débedas con outras empresas ¿Onde están os cartos? Os concelleiros nunca tivemos unha partida. Todo o que fixemos o mandaba vostede. Explíquelles aos autónomos que vai facer cos cartos do POS. Non hai ninguén que atenda a xente, non ande por aí dando pena ¿Por que está condicionando a esa xente que está aí abaixo?. Vostede ten que explicarlle moitas cousas á xente. As eleccións non as gañou vostede, gañounas un grupo.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra á Sra. Fondo, concelleira non-adscrita, quen manifesta que este Pleno sóname a repetición. Se non estaba contento co resultado doutro Pleno agora volve co mesmo circo. A nós non nos chamou ninguén, agás o Sr. García Cotelo, e recórdolle que agora estamos a gastar outros 2.000 euros dos veciños de Ponteceso. O máis fácil sería que se marchara.

-O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Santiago, concelleiro-non adscrito, quen lle di que non lle consultou nada do POS. Nos está a ignorar. Desprezou a toda a oposición, e todos merecen un



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

respecto. Se a oposición trae boas mocións e son boas para os veciños débense tratar. A urxencia da obra de Anllóns era no seu intre, e vostede estaba na porta do Eroski cunhas botas. Dáme pena de como trata aos traballadores. Agora loita polos traballadores e diante miña negoulle a algún 80 horas extraordinarias despois de traballalas. Vostede é o culpable, repito as palabras do Sr. García Cotelos, xunto co Ferreiro e Valentín.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Varela, de APIN, quen manifesta que quixera dirixirse a todos. Esta situación ten un culpable que é vostede. Perdeu a maioría. Pero sinto discrepar cos demais. Debemos pensar nos nosos veciños. Non debíamos perder o POS, teríamos que chegar a un acordo. O Concello non pode perder os cartos. Son o primeiro en dicir que me arrepinto de darlle o meu apoio en 2015, pero agora non podemos perder estes cartos. Hai que pensar nos traballadores, nas empresas, nos veciños, e a culpa vai ser nosa. É a miña opinión particular. Non debíamos perder estes cartos xa que é case o 25 por cento do orzamento. So quería dicir isto. Se temos que estar ata as 12 da noite e podemos sacar adiante o POS, como veciño e concelleiro, opino que debíamos chegar a un acordo. Nós sacaríamolo adiante. Estamos na prensa todos os días con problemas e non imos facer nada. Debemos chegar a un acordo. Non vai dimitir, teríamos que pensar por que estamos aquí, con isto non estamos a mellorar nada, non sei como, pero debemos chegar a un acordo, porque detrás van vir máis, e non podemos perder eses cartos. Debemos pensar por que estamos aquí, que lle demos unha volta e cheguemos a un acordo, son moitos cartos.

-O Sr. Alcalde dálle a palabra ao señor Pose, de APIN, que di que eu son o malo e Marco é o bo. Debemos ter claras dúas ou tres cousas. Decía que non é posible unha moción de censura, e digo que xa veremos, vostede dicía que non pero non é xurista, xa dirán os tribunais se é posible ou non. Senón se pode presentar unha moción de censura, pregunto ¿Que vai pasar co alumeadado público, ciclo da auga, novos plans únicos, etc..? Vostede non escoita, debía de irse, debería dimitir, pola saúde de todos. Non me gusta estar todos os días pedindo a súa dimisión. Durante as 4 anos de goberno tivemos moitas liortas e intentamos ir cara adiante. Agora pola súa saúde dimita, por favor. Senón teremos que presentar unha moción de censura, e xa dirán os tribunais. Xa virán os que digan se se pode ou non se pode. O noso voto non lle chega para aprobar o seu Plan, non temos claro o seu Plan Único, e ao PP dicirlle, polo que lin na prensa, xa que non o vin, o seu ten cousas coas que non estamos de acordo. O responsable de todo é vostede.

- O Sr. Alcalde di que o mais importante e que non se perdan os cartos dálle a palabra ao Sr. García Cotelos, voceiro do PP, e manifesta que despois de alusións varias, "soplamos ou sorbemos", non se pode facer as dúas cousas ao mesmo tempo. Nesta vida hai que ser fieis a unha postura. Nós expomos un POS que hoxe traemos aquí, se o alcalde dimite vai ir adiante. Eu chamei a todo o mundo. Se APIN non quere entrar é cousa de eles. Se o alcalde quere o noso POS ten que dimitir, nas súas mans está. Con respecto ao pago aos provedores, os que están no xulgado non irán, agora os outros si. Entre esas facturas hainas do tripartito, o PSOE, APIN e o BNG. APIN apoiou ao Sr. Lois cando non pagou a moitos veciños e hai débedas do tripartito. A xente que estivo sen cobrar durante 6 anos din que poden estar outros 6. ¿Queredes chegar a un acordo? O noso Plan vai con obras, con memorias pagadas dos nosos cartos, vai con pago a provedores e vai co Plan de Emprego Social, leva todo. Non ten máis que dimitir. Se APIN se quere sumar, se as súas concelleiras se queren sumar, vostede dimita e chegaremos a un acordo por maioría absoluta. Ponteceso terá un POS e todos contentos. Nas súas mans está. "Alea jacta est".

-O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Eiroa, concelleiro non-adscrito, quen lle di ao Sr. Alcalde que se tivera o amor que demostra pola súa dona nas redes sociais no pobo de Ponteceso, xa estaría todo listo.

- O Sr. Alcalde pídelle que se ataña á orde do día, teña seriedade e remate a súa intervención.

- O Sr. Eiroa di que non vai dicir nada máis.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra á Sra. Fondo, concelleira non-adscrita, a cal di que vostede estalle a dar moitas voltas ao Plan de Emprego, a señora concelleira de asuntos sociais debere explicar o Plan de Emprego, xa que dicía que sobraba de todo, e agora non lles chegan os cartos, e os poñen


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

aí fora de calquera maneira e os utilizan. Dígalle aos veciños que pasou co seu Plan de Emprego, que se tiña de todo, cos seus cartos e cos das outras concelleiras, como é que agora non lle chegan.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Santiago, concelleiro non-adscrito, e di que vostede do POS non me explicou nada e aos meus compañeiros tampouco. Os cartos son para vostede e dous máis. Vostede non contou con nós para nada, podíalle falar de moitas inxustizas, pero xa se irá vendo.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra á Sra. Pérez, concelleira non-adscrita, quen di que o outro día na Comisión Informativa pregunteiles á secretaria e interventora se podía dedicar as partidas dos políticos, creo que 120.000 euros, e volvo a preguntar ¿Non se podían dedicar ao Plan de Emprego?.

- O Sr. Alcalde di que quere agradecer ao Sr. Varela, concelleiro de APIN, a súa intervención, xa que conecta co pensar de todo o pobo, non perder os cartos, poder ter a esas persoas contratadas ata decembro e non rematar en maio, e considera que esa é a liña a seguir, presenten novas propostas, non sei se poderían como addendas ás propostas que traemos hoxe ou de que forma, non sei se o secretario podería informarnos se podemos presentar emendas hoxe.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao secretario accidental quen manifesta que ao ser un pleno extraordinario entende que non sería posible, xa que o artigo 83 do ROF establece que "serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na orde do día.", e o artigo 47 da Lei 39/2015, LPACAP, no seu apartado e), establece que serán nulos de pleno dereito "os actos ditados prescindindo absolutamente do procedemento establecido". Por outra banda vostedes saben que a proposta da que fala o G.M.do Partido Popular non consta como presentada, porque non se presentou, o Pleno non ten coñecemento previo, non ten proxectos que deba aprobar o Pleno, nin memorias, nin outros requisitos esenciais como a dispoñibilidade dos terreos para a execución de obras e non pasou pola Comisión Informativa, polo tanto hoxe non a deberían tratar ao ter vicios que poderían levar á súa nulidade de pleno dereito, e tamén deberán ter en conta que o POS+2021 ten unhas bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, e calquera variación terá que acordala a Deputación, sexa o prazo de presentación, ou para contestar aos requirimentos, polo que considero que debería solicitarse á Deputación un informe sobre o particular, xa que deben de considerar que ao non ter proxectos, nin memorias, nin expediente formado, todo leva o seu tempo, e debería solicitarse previamente unha prórroga e a Deputación dará a súa resposta para que poidan ter seguridade. Teñan presente que hoxe os prazos son os que son.

- O Sr. Alcalde di ao G.M. do Partido Popular que se traen propostas poden dicir algunha.

- O Sr. García Cotelo, voceiro do P.P., di que acaban de dicir que deben de estar na orde do día para tratarse e estamos no punto número 1.

- O Sr. Alcalde pregunta a APIN se teñen algunha proposta e ao PP, o Sr. García Cotelo di que se teñen que ater á orde do día, e o secretario accidental dille ao señor Alcalde que deben aterse á orde do día.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Varela, concelleiro de APIN, e di que non quere entrar no debate. Nós o outro día no Pleno nos abstivemos, xa que eu persoalmente non vía o "non" conforme. Eu respecto a posición de todos, pola miña idea debemos chegar a un acordo. Nada máis.

- O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Pose Verdes, voceiro de APIN, e di que os traballadores que di vostede entrarían perfectamente no PEL, no plan de emprego da Xunta de Galicia, limpeza de praias e noutras subvencións. Non lles conten historias. Hai que dicirlles que poden seguir traballando, e se non entran será porque vostede non fai ben o seu traballo de pedir as subvencións ou porque vostede non quere. Nós nos absteremos. ¿Cal é o problema? O seu POS non nos gusta, e o do PP tampouco. Nós pouco pintamos, só pintamos para falar cando nos deixa vostede.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr. Alcalde da por rematado o debate e somete a votación a proposta, co seguinte resultado:
Votos a favor: TRES (3), O Sr. Alcalde e concelleiras do PSdeG-PSOE.
Votos en contra: SETE (7), Os concelleiros do Partido Popular (2) e os non-adscritos (5).
Abstencións: DÚAS (2), Os concelleiros de APIN.

Polo que o pleno non aproba e rexeita a proposta de APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2021" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS"

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 26-02-2021, que no seu literal di:

PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2021" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS"

A Deputación Provincial de A Coruña aprobou as BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) " POS+ 2021 " cós obxectos: financiamento do pago a provedores, financiamento de gastos correntes, financiamento de investimentos, redución de débeda con entidades financeiras e gasto social extraordinario.

Ao Concello de Ponteceso lle corresponden 758.220,34 €, os cales se financian coas seguintes achegas e importes:

- "achega provincial 2020": 298.166,06 €
- "achega provincial 2021": 249.466,05 €
- "préstamo provincial 2021": 59.396,68 €
- "achega provincial 2021 extraordinaria" (POS+AD1/2021): 151.191,55 €

Vistos os informes da traballadora social asinados o 12.01.2021 e o 28.01.2021 nos cales se manifesta a necesidade de que os fondos correspondentes á POS+AD1/2021 se destinen ao Plan de Emprego Social (100.000,00 €) e a cubrir a achega municipal ao Servizo de Axuda a Domicilio na modalidade de Dependencia (51.191,55 €)

Visto o informe da intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 asinado o 28.01.2021 (ANEXO XVI)

Visto que prazo de solicitude do POS + 2021 remata o 05.02.2021 ás 15:00 horas.

Vista a Resolución da Alcaldía número 85/2021, de 5 de febreiro, na que se acordaba participar no POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Visto o requirimento da Deputación da Coruña, de data 18/02/2021 na que nos solicitan a certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+Adicional 1/2021, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á Deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Por todo o anterior, **PROPOÑO:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	151.191,55 €
---	--------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	0,00	0,00	0,00



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	0,00	0,00	0,00
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00	0,00	0,00
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	217.941,13	150.332,08	67.609,05



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	0,00	0,00	0,00
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	0,00	0,00	0,00
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	0,00	0,00	0,00
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	134.000,00	0,00	134.000,00
T O T A L	351.941,13	150.332,08	201.609,05*

*** Desta cuantía se solicita á Deputación Provincial de A Coruña a cantidade de 151.191,55 €: 51.191,55 € no apartado d) e 100.000,00 € no apartado h).**

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde di que considera xa debatido o asunto no punto anterior e pregunta se algún voceiro ou concelleiro non-adscrito quere intervir, e ao non pedir ninguén a palabra pásase á votación.

O alcalde somete a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: TRES (3), O Sr. Alcalde e concelleiras do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: SETE (7), Os concelleiros do Partido Popular (2) e os non-adscritos (5).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Abstencións: DÚAS (2), Os concelleiros de APIN.

Polo que o Pleno non aproba e rexeita a proposta PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2021" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS".

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA- COMPROMISO DA ALCALDÍA

Pola presidencia expónse a proposta da alcaldía, presentada á Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 26-02-2021, que no seu literal di:

Xose Lois García Carballido, Alcalde do Concello de Ponteceso,

Propoño ao pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Nada máis aprobar o POS, habilitar unha partida do gasto corrente para contratar pola vía de urxencia a reparación da estrada de titularidade local na Bardanca, Anllóns, que se derrubou o sábado 20 de febreiro de 2021, e ten un enorme muro de barro e pedras a pouca distancia das casas.

Dáse conta da dilixencia de secretaría de data 24-02-2021, na que se advirte que nesta proposta ao obviarse trámites esenciais poderíase afectar á validez do acordo que, no seu caso, se adopte, consonte ao establecido no artigo 47 da Lei 39/2015.

O alcalde da comezo ao debate.

-Dálle a palabra ao Sr. Pose Verdes, voceiro de APIN, quen lle da as grazas por seguir chantaxeando, e recórdalle que hai subvencións da Subdelegación do Goberno para estes casos, acórdese de pedila e faga a obra canto antes.

-Dálle a palabra ao Sr. Eiroa, concelleiro non-adscrito, di que cando me chegue o proxecto e o presente no Pleno xa falaremos.

-Dálle a palabra ao Sr. González, concelleiro non-adscrito, quen di que estiveron falando co propietario e dixo que hai tempo que van as augas para a súa casa e que vostede lle dixo que non había cartos e non fixo nada ao respecto.

-Dálle a palabra ao Sr. Santiago, concelleiro non-adscrito, quen di que vostede acaba de perder 102.000 euros do Fondo de Cooperación Ambiental. Agora quere máis cartos. A urxencia de Anllóns foi o outro día. Non tiña que convocar ningún Pleno. Tantas e tantas subvencións que está a perder. A xente non sabe o que está a facer, e vostede é o único culpable da situación.

Remata o debate.

Ao non poder adoptarse ningún acordo ao respecto e quedar enterado o Pleno pásase ao seguinte punto.

Antes de tratar o seguinte punto da orde do día, ao non estar ditaminado pola Comisión Informativa, consonte ao artigo 82.3 do ROF o Pleno, previa a xustificación da urxencia, deberá ratificar a súa inclusión na orde do día. O alcalde explica que o día 25 de febreiro presentou a súa



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

renuncia a concellira do Grupo Municipal de PP Dona Beatriz Martínez Calvo, a cal ratificouse diante da secretaria o día 26 de febreiro, polo que se xustifica a súa urxencia para poder tramitar a mesma e solicitar á Xunta Electoral Central que proceda á expedición da credencial a favor do novo/a concelleiro/a electo/a que corresponda.

O alcalde somete a votación o pronunciamento sobre a inclusión na orde do día, co seguinte resultado:

Votos a favor: DOCE (12). Todos os concelleiros presentes.

Votos en contra: --

Abstencións: --

Polo que se aproba por unanimidade a súa inclusión e acto seguido procédese a tratar a seguinte proposta de acordo.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA- TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA D^a. BEATRIZ MARTÍNEZ CALVO

Logo de ver os escritos presentados por D^a. BEATRIZ MARTÍNEZ CALVO os días 25 e 26 de febreiro de 2021, nos que manifesta que, debido a causas persoais, presenta a súa renuncia á acta de concelleira da Corporación Municipal do Concello de Ponteceso.

Logo de ver os artigos 15.2, 19.1.f) e 182 da LO 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREG), e o artigo 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, así como a Instrución da Xunta Electoral Central de data 10 de xullo de 2003, sobre a substitución de cargos representativos locais.

Logo de ver o art. 182 da LOREG que establece "No caso de falecemento, incapacidade e renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou, no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda atendendo ao seu orde de colocación".

Logo de ver canto antecede, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia ao cargo da concelleira do Concello de Ponteceso D^a. Beatriz Martínez Calvo.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa de concelleiro/a electo/a a favor do candidato/a seguinte da lista a quen corresponda.

É canto teño a ben propoñer ao Pleno da Corporación, non obstante este acordará o que estime pertinente.

O alcalde somete a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: DOCE (12). Todos os concelleiros presentes.

Votos en contra: --

Abstencións: --

Polo que o Pleno por unanimidade acorda a aprobación da PROPOSTA DA ALCALDÍA- TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DA CONCELLEIRA D^a. BEATRIZ MARTÍNEZ CALVO.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POR D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO, D^a. NOELIA VARELA SUÁREZ E D^a. MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE.

Dáse conta do escrito presentado polos concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

“AO PLENO DO CONCELLO DE PONTECESO

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE DO CONCELLO DE PONTECESO

Pola presente comunícaselle ao Pleno que por mor da expulsión acordada pola Comisión Executiva Provincial da Coruña do PSdeG-PSOE de data 25 de xaneiro de 2021 dos seguintes concelleiros electos por esta formación e que ata esa data formaban parte do grupo municipal:

- D^a. Raquel Fondo Pérez
- D^a. Ana Pérez Imia
- D. Faustino Santiago Lema
- D. Miguel Ángel González Gómez
- D. Salvador Eiroa Ameijenda

A nova composición do Grupo Municipal de PSdeG-PSOE do Concello de Ponteceso estará formado polos seguintes concelleiros:

- D. Xosé Lois García Carballido, alcalde-presidente.
- D^a. Noelia María Varela Suárez, primeira tenente alcalde.
- D^a. María Teresa Chouciño Calvete, segunda tenente alcalde.

A voceira titular do grupo municipal será D^a. Noelia María Varela Suárez e voceira suplente será D^a. María Teresa Chouciño Calvete.

Os concelleiros expulsados do grupo municipal deberán ter a consideración de concelleiros non-adscritos, de conformidade co artigo 11.2 do R.O.M.

O que se comunica ao Pleno do Concello de Ponteceso, aos efectos do disposto no art. 12.3 do R.O.M.

Ponteceso, 4 de febreiro de 2021.”

O Pleno queda enterado.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 21.17 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta que asinan conxuntamente o alcalde e o secretario accidental.

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Alcalde

D. Xosé Lois Garcia Carballido

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

O secretario accidental

D. Emilio Caínzos Quintás